



IN



Un espectáculo sensitivo e universal que indaga a representación contemporánea da figura social. A súa poesía visual nace da fusión do teatro coa danza, o video e as artes plásticas.

In significa dentro en inglés e to be in quere decir estar na moda. IN xurde da ambivalencia entre o ser e o parecer. O de dentro como a nosa identidade e o de fora o aspecto que podemos manipular, disfrazar e cambiar. O confronto do interior coa aparencia. Somos o que parecemos? Somos ou só parecemos?

A estrutura dramática do espectáculo foi creada a partir de dous elementos fundamentais: por un lado a peza teatral de Bertold Brecht “A voda dos pequenos burgueses”, e por outro os contos populares “Branca-neves” e “O rei sapo” dos irmáns Grimm e “Os zapatos vermellos” e “A vendedora de fósforos” de Hans Christian Andersen.

IN recibiu unha subvención da AGADIC – axuda á nova creación 2009



SINOPSE

A acción desenvólvese ao redor da celebración dunha voda. A actitude afectada e hipócrita dos noivos e convidados esgótase rapidamente para dar lugar a comportamentos de envexa e ciumes cun pseudo ideal de beleza como pano de fondo.



IN é un espectáculo recomendado para público a partir dos 12 anos.



A COMPAÑÍA

O Elefante Elegante crea espectáculos de teatro visual baseados no xesto e no movemento.

As súas creacións buscan a universalidade, xurdindo da fusión de diferentes linguaxes: o teatro físico, a danza, as artes plásticas e as artes visuais.

A compañía, de orixe galego-portuguesa, foi creada en 2007 por María Torres e Gonçalo Guerreiro e ten a súa sede na Coruña. Nace para dar forma artística ás súas inquedanzas sociais e existenciais.

O Elefante Elegante comezou como proxecto experimental no ano 2000 co nome de Teatro Escondido. Este proxecto viaxou durante sete anos entre Galicia, Bélxica e Portugal e del facían parte actrices e actores de diferentes países europeos. A súa interpretación baseábase no xogo corporal co obxectivo de desenvolver unha linguaxe teatral universal.

Estes anos de experimentación foron fundamentais para que poidera nacer o Elefante Elegante. Os seus espectáculos teñen sido acollidos en Galicia, Portugal, Bélxica, Suíza, Francia e Italia.





FICHA ARTÍSTICA

AUTORÍA E DIRECCIÓN María Torres **DRAMATURXIA E ESPAZO ESCÉNICO** Gonçalo Guerreiro
ACTORES-BAILARÍNS Alfredo Muiño, Angela Blanco, Gonçalo Guerreiro, María Torres, Nuria Sotelo
DESEÑO DE LUCES Octavio Mas **VIDEOCREACIÓN** Masako Hattori **VESTIARIO E ATREZZO** María Chenut **SON** Germán Gundín



CONTACTOS

DIRECCIÓN

María Torres maria@elefanteelegante.net (+34)606.257.239

Gonçalo Guerreiro goncalo@elefanteelegante.net (+34)663.031.778

PRODUCCIÓN

Diana Sieira diana@elefanteelegante.net (+34)630.133.403